# ***REGLAMENTO I MILLA URBANA CONCELLO DEC URTIS***

O Concello de Curtis, a través da súa Concellería de Deportes, organizarán o **venres 2 de agosto de 2019** a partir das 10:30 horas, a **I Milla Urbana Concello de Curtis.**

A proba levarase a cabo na localidade de Teixeiro, Concello de Curtis (A Coruña) e estarán baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago)** . A probas estará suxeita o seguinte:

## *REGULAMENTO*

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega e Atletismo.

2. SAIDA E META:
A saída da proba será ás 19:30 horas dende a R/ Ramón Espiñeira á Praza de España, a meta estará ubicada na **Praza de España.**

3. **CATEGORIAS DE PARTICIPACION**
As categorías de competición serán as seguintes:

| CATEGORIA | ANOS DE NACEMENTO |
|---|---|
| **BIBERÓN I** | atletas nados/as no 2015 e 2016 |
| **BIBERON II** | atletas nados/as no 2013 e 2014 |
| **PREBENXAMIN** | atletas nados/as no 2011 e 2012 |
| **BENXAMIN_Sub 10** | atletas nados/as no 2010 e 2011 |
| **ALEVIN_Sub 12** | atletas nados/as no 2008 e 2009 |
| **INFANTIL_Sub 14** | atletas nados/as no 2006 e 2007 |
| **CADETE_Sub 16** | atletas nados/as no 2004 e 2005 |
| **XUVENIL_Sub 18** | atletas nados/as no 2002 e 2003 |
| **JUNIOR -Sub 20** | atletas nados/as no 2000 e 2001 |
| **PROMESA – Sub 23** | atletas nados/as no 1997, 1998 e 1999 |
| **SENIOR** | atletas nados/as entre 1985 e 1996 |
| **MASTER 1** | atletas nados/as entre 1979 e 1984 |
| **MASTER 2** | atletas nados/as entre 1969 e 1978 |
| **MASTER 3** | atletas nados/as entre 1959 e 1968 |
| **MASTER 4** | atletas nados/as en 1958 e anteriores |

## 4. DISTANCIAS E HORARIOS

| HORA | CATEGORÍA | DISTANCIA |
|---|---|---|
| 19h | Categorías biberón I y II. 20m | 20m aprox. |
| 19:20h | Prebenxamín e Sub 10 200m | 200m aprox. |
| 19:45h | Sub 12, Sub 14, Sub 16 e Sub 18 | 1 milla |
| 20:00h | Categoría Absoluta. | 1 milla |
| 20:20 h | ENTREGA DE PREMIOS | |

## 5. INSCRICIÓNS

Os participantes deberán realizar a súa inscrición na páxina web **www.carreirasgalegas.com**. Máis información na web **www.atletismo.gal** con data límite o **luns 29 de xullo ás 23:59 horas**.

**PREZOS DA INSCRICION:**

- **PROBA ABSOLUTA (de junior- Sub 20 en adiante):** **6,00 €**

O pago da inscrición haberá que realizalo pola pasarela de pago da páxina ***www.carreirasgalegas.com***.

## 6. PREMIOS e AGASALLOS

Outorgaranse os seguintes premios:

- Trofeo aos tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no regulamento da proba.
- Trofeo o/a primeiro/a clasificado/a **local** da carreira absoluta.
- Trofeo ós/ás tres primeiros/as clasificados/as da proba absoluta
- Agasallo conmemorativo para todos/as os/as participantes.

**OS TROFEOS NON SERÁN ACUMULATIVOS, excepto o primeriro/a clasificado local da proba absoluta.**

## 7. RETIRADA DE DORSAIS

Realizaranse o día da proba na Praza de España, localidade de Teixeiro de 17:30h a 18:30h.

O dorsal-chip entregado deberá levarse en toda a súa extensión, colocado na zona anterior do corpo e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descalificado.

**8. DESCUALIFICACIONS**

Todo corredor/a que incumpra as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos **FGA** e **RFEA** en vigor referentes a probas en ruta, será descualificado a criterio do Xuíz Árbitro da Competición. **TODAS AS RECLAMACIÓNS DEBERÁN SER DIRIXIDAS O XUÍZ ÁRBITRO DA COMPETICIÓN** con prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

O longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos estando autorizados para descualificar a calquer participante que incumpra as ditas normas de competición ou que cometa algunha irregularidade atentando contra a seguridade individual ou colectiva durante a proba.

**9.** Haberá **servicio de duchas** a disposición dos atletas no polideportivo e ximnasio municipal de Teixeiro, na R/ Faragullas s/n (a 200m da praza de España).

**10.** Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da FGA e RFEA en vigor.

**11.** A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

-- --

**RESPONSABILIDADE**

Esta proba forma parte do calendario oficial de probas da Federación Galega de Atletismo, e polo tanto, todo o non reflectido no presente regulamento rexerase, por esta orde, polas normas da FGA, RFEA e da IAAF.

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, realizarse o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime a organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

**LOPD** Todas as persoas corredoras ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Mediante a inscrición, o/a participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo Concello de Curtis e a Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades e publicación de reportaxes sobre a proba.

**MAIS INFORMACION**
***www.curtis.es***
***www.carreirasgalegas.com***
***www.atletismo.gal***
***www.correrengalicia.org***


Concello de Curtis (Concellería de Deportes)
Plaza de España, 1 Teixeiro A Coruña 15310
Teléfono: 981 789 003
email: concellodecurtis@hotmail.com

# PERCORRIDO


INTERSECCIÓN
S&S Peluqueros Unisex
Panadería Estación
Planta e Flor Lilo
Lencería del Hogar Isabel
Librería-Papelería Mahía
Dona Moda
Calle Faragullas
Calle Faragullas
Rúa Crego Barbazán
Rúa Crego Barbazán
Pabellón Polidep de Teixeiro
Peluquería Merchysa
Ramiro Sanmartín Díaz
SAÍDA
Carnicería Víctor
Banco Santander
Café-Bar O Raposo
Frutería Azucena
Concello de Curtis
Rúa Farangulla
Rúa Farangulla
Asesoría Teixeiro
Praza España
Rúa Río Mandeo
Rúa Río Mandeo
INTERSECCIÓN
R/ PASEO FLUVIAL
O Noso Mesón
Praza España
Cafetería Luma
META
Qubik Bar
Café-Bar Ángel
Supermercado Aliprox
Rúa Ramón Espiñeira
Travesía Ramón Espiñeira
Rúa Castelao
Rúa Río Mandeo
Flores Ana
Rúa Galicia
Cervecería Norfolk
ABANCA
María José Linares Martínez
Supermercado Claudio
AC-231
Ría de Teixeiro
Rúa Castelao
Google
Centro de Saúde de Teixeiro
Rúa Río Mandeo